

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O medo é libre

O MEDO É LIBRE

Os mecanismos do medo na literatura de tradición oral



Lugo | 30 de outubro de 2021
Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo
Rúa San Marcos, 8 | Entrada libre e gratuíta



Matriculación: www.as-pg.gal ou www.aelig.gal
Homologación: Solicitada á Consellería de Cultura, Educación e Universidade por 8 horas
Prezos: Matriculación gratuíta, preferente para socios/as da AS-PG e AELG



Baixo o reclamo que lle dá título a este artigo imos tratar na XIV Xornada de Literatura Oral –vai ter lugar o próximo 30 de outubro en Lugo– sobre o medo con varios relatorios e mesas nas que imos participar con Ana Carreira, Federico Martín Nebras, Lidia Mariño, Benxamín Otero, Cesáreo Sánchez e Lois Pérez.

O medo é o temor xeralmente irreflexivo ao descoñecido e unha das emocións básicas, primarias e universais do ser humano e tamén dos animais. O medo está asociado ao non coñecido e á necesidade de saber, de coñecer tanto o estraño externo como o que habita en nós.

Podemos distinguir, por simplificar, dous tipos de medo. Un que actúa en nós como mecanismo intrínseco imprescindible para a nosa propia supervivencia. Trátase dun medo que hai que aprender a modular, unha emoción que forma parte da nosa herdanza cultural e da propia experiencia. Este tipo de medo funcional énos moi útil pois sérvenos para detectar e prever os perigos que nos poden afectar física ou psicolóxicamente. Evita, por exemplo, que padezamos as consecuencias do descoñecemento dos perigos para a nosa propia existencia.

O outro gran tipo de medo é o que exercen uns conxéneres sobre outros de múltiples maneiras, mediante toda clase de medios e coa finalidade exclusiva de torturaranos e someternos á vontade dunha persoa, dun grupo ou dun poder tirano. Este tipo de medo é, probablemente, a arma máis poderosa que existe.

Sobran os exemplos do uso político e relixioso do medo. Abondan uns nomes para lembralo. Calígula, Hitler..., a Inquisición, o Inferno, as guerras, o terrorismo... sempre coa imprescindible –e ás veces imperceptible– colaboración de medios de comunicación, da publicidade, do boca a boca, do cine, do teatro e tamén da literatura.

Hai medos racionais e medos irracionais que ás veces precisan tratamento médico. Desde o campo da psicoloxía distínguense moitos máis tipos de medo pero sobre todo estúdanse e avalíanse terapias para tratar os medos disfuncionais, os que non obedecen, en principio, a nada real e no que se inclúen fobias e aprehensións de todo tipo como o medo a voar, a nadar, a certos animais, a unha invasión marciana, ás pragas, a pasar fame, aos violadores, a ser enterrado vivo, e a... en definitiva, sufrir, padecer ou morrer. E tamén existe, por suposto, un imaxinario do medo.

Ás veces o medo recréase simbólica e culturalmente a través de animais reais como o lobo, as serpes e outros considerados venenosos ou nocivos como sapos, arañas, lagartos.... O caldo de cultivo sobre o que se constrúen estes medos soe ser a credulidade e certos intereses.

Todos estes medos forman parte das culturas populares universais. O medo é antigo como o mundo e por iso é recorrente a recreación do medo en mitos, lendas e contos coa súa correspondente lección ou ensinanza moral que aplicar. Os cocos que amedrentan as crianzas, os violadores, os estranxeiros e os extraterrestres, os monstros, a propia morte e nós mesmos cando morremos e nos transformamos en ánimas somos axentes do medo.

Mais, quen dixo medo! Achéguese ao salón de actos da Deputación e falamos!

© Antonio Reigosa (El Progreso, 25 de outubro de 2021).

XIV XORNADA DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL

O medo é libre. Os mecanismo do medo na literatura de tradición oral

Lugo, 30 de outubro de 2021

(Programa)

